

1. Completa as seguintes oracións sobre o suxeito e predicado:

* O é a palabra ou grupo de palabras das que se di algo. Se non aparece escrito na oración, pero se sobreentende, chámase

* O é a parte da oración que fala sobre o suxeito (que é, como está,...)

2. Le este poema e subliña os verbos que atopes:

A abella vella
vai e vén.
Non fai mel
porque está moi cansa.
Calceta xerseis de raías
para os netos abellóns.
A abella vella
vén e vai.
Xa non voa,
parece mansa.
Viaxa estomballada
no lombo dun avión.



Gloria Sánchez: Fafarraios; Edicións Xerais (adaptación)

Todos os verbos do poema teñen o mesmo suxeito, cal é?

3. Separa o suxeito do predicado. Rodea o núcleo de cada suxeito e predicado:

Ela non virá connosco á excursión.

A profesora de lingua puxo un exame moi fácil.

Helena estudou Xeografía en Santiago.

A miña familia é de Ourense.

